

Reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

Data: Luns 30 Setembro 2019

Texto da Convocatoria:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da reunión do 10 Xuño 2019.
- 2) Informes
 - a) Alumnos de nova matrícula: viabilidade grupo de inglés na materia Instrumentación e Monitorización Ambiental, enquisas benvida
 - b) Enquisas do alumnado do curso 2018-19
 - c) Ranking El Mundo 2019
- 3) Aprobación, se procede, da renovación da Comisión Académica
- 4) Aprobación, se procede, de incorporación de profesorado para o curso 2019-20
- 5) Aprobación, se procede, das actas consolidadas de Prácticas Externas e Traballos Fin de Máster do curso 2018-19
- 6) Aprobación, se procede, das peticións de solicitude de TFM's para o curso 2019-20.
- 7) Turno aberto

Asistentes: M.C.B., S.F., M.C.M., F.O. e M.C.P.

Desculpan a súa asistencia:

A.C., R.M., L.G.

Limiar.

O luns 30 de setembro ás 9:30 h na Sala SX3.1 da ETSE reúnese a Comisión Académica do Master Oficial en Enxeñaría Ambiental cos asistentes e orde do día que se indican no encabezado.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 10 de Xuño de 2019

Apróbase a acta da Comisión Académica do día 10 de Xuño de 2019.


2. Informes

- Notas dirixidas ó profesorado con motivo do inicio do curso

Co gallo de mellorar a coordinación entre os diversos módulos do Máster este ano mandouse o profesorado unha serie de informacións e consellos útiles para a marcha das actividades académicas (horarios, criterios de hora de inicio e fin de clases, fin de actividades dentro dos módulos, queixas e reclamacións, etc.)

- **Matrícula curso 2019-20:** Este curso pechamos a matrícula con 25 alumnos, asemade dos de convenio bilateral e Erasmus. As estadísticas relativas a estes 25 alumnos reflexanse nas táboas e figuras que se reflexan a continuación.

ESTADÍSTICAS CON ASISTENTES A CLASE (22 SEP 2019)	
Titulaciones experimentales	18
CC Ambientales	8
Biología	6
Química	4
Ingenierías	7
Ing Química	2
Ing Civil	1
Ing Ambiental	1
Ing. Agraria	1
Ing. Industrial	1
Biotecnología	1
TOTAL	25



- Constatouse a vontade de **máis de 8 alumnos** de 1º de participar no grupo en inglés correspondente a materia **IMA** (3º módulo), polo que procedeuse a darlle finalmente viabilidade a este segundo grupo, que será impartido pola Profa. Elena Peña. Nembargantes, a incorporación dos alumnos a este grupo farase en xaneiro, xa que agora está pechado o procedemento.
- Ranking El Mundo: por quinto ano consecutivo acadamos o número 1.

DOCUMENTOS

250

MASTER

MBA

Y GUÍA COMPLETA DE

LOS RANKING DE EL MUNDO 2019/2020

Curso 2019-20

O Máster en Enxeñaría Ambiental da USC

Por 5º ano consecutivo en 1º lugar no Ranking 250 Máster El Mundo!!

GESTIÓN AMBIENTAL

1. INGENIERÍA AMBIENTAL
 DESEMPEÑO: 1º. Ranking de Empresas' 2019. Empresa de Responsabilidad Social (RS) 2019. Empresa de Innovación y Tecnología. PLANES DE SOSTENIBILIDAD DE ESTE Y PRECIO 2020 como referencia. Encuesta de calidad del profesorado, sus labores docentes e investigación y su compromiso de prácticas. Incorpora clases de inglés y posibilita la movilidad de sus alumnos hacia empresas y centros de investigación para hacer el TFM.

2. INGENIERÍA Y GESTIÓN DEL AGUA
 DESEMPEÑO: 1º. Ranking de Empresas' 2019. Empresa de Responsabilidad Social (RS) 2019. Empresa de Innovación y Tecnología. PLANES DE SOSTENIBILIDAD DE ESTE Y PRECIO 2020 como referencia. Encuesta de calidad del profesorado, sus labores docentes e investigación y su compromiso de prácticas. Incorpora clases de inglés y posibilita la movilidad de sus alumnos hacia empresas y centros de investigación para hacer el TFM.

3. HIDRAULICA AMBIENTAL
 DESEMPEÑO: 1º. Ranking de Empresas' 2019. Empresa de Responsabilidad Social (RS) 2019. Empresa de Innovación y Tecnología. PLANES DE SOSTENIBILIDAD DE ESTE Y PRECIO 2020 como referencia. Encuesta de calidad del profesorado, sus labores docentes e investigación y su compromiso de prácticas. Incorpora clases de inglés y posibilita la movilidad de sus alumnos hacia empresas y centros de investigación para hacer el TFM.

4. INGENIERÍA AMBIENTAL
 DESEMPEÑO: 1º. Ranking de Empresas' 2019. Empresa de Responsabilidad Social (RS) 2019. Empresa de Innovación y Tecnología. PLANES DE SOSTENIBILIDAD DE ESTE Y PRECIO 2020 como referencia. Encuesta de calidad del profesorado, sus labores docentes e investigación y su compromiso de prácticas. Incorpora clases de inglés y posibilita la movilidad de sus alumnos hacia empresas y centros de investigación para hacer el TFM.

5. GESTIÓN PESQUERA SOSTENIBLE
 DESEMPEÑO: 1º. Ranking de Empresas' 2019. Empresa de Responsabilidad Social (RS) 2019. Empresa de Innovación y Tecnología. PLANES DE SOSTENIBILIDAD DE ESTE Y PRECIO 2020 como referencia. Encuesta de calidad del profesorado, sus labores docentes e investigación y su compromiso de prácticas. Incorpora clases de inglés y posibilita la movilidad de sus alumnos hacia empresas y centros de investigación para hacer el TFM.

1 2019/20

1 2018/19

1 2017/18

1 2016/17

1 2015/16

FESE
 Facultad
 Superior
 de Enxeñaría

3. Aprobación, se procede, da renovación da Comisión Académica

Un ano máis, procede a renovarse a composición da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental. Neste caso a única variación é a dos alumnos, coa incorporación dos novos estudantes de 1º ano e a continuidade da representante dos alumnos de 2º (Lucía García Santos).

Polo tanto, a Comisión Académica aproba por unanimidade o nomeamento das citadas persoas, polo que a relación global de membros da Comisión Académica quedaría coma sigue:

- *Coordinador do Máster:* Francisco Omil
- *Director da ETSE:* Antonio Mosquera (responsable de calidade do centro)
- *Xestora da ETSE:* Mª Carmen Palacios (secretaria da Comisión Académica)
- *Profesores áreas maioritarias:*
 - Gumersindo Feijoo, Ramón Méndez (Enxeñaría Química)
 - Carmela Monterroso, Beatriz Prieto (Edafoloxía e Química Agrícola)
- *Profesores doutras áreas:*
 - Sarah Fiol, Alejo Carballeira, Mª Carmen Barciela.
- *Estudantes:*
 - Lucía García Santos (2º ano)
 - Jorge García Fernández (titular) e Teresa Sixto Anello (suplente) (1º ano)

4. Aprobación, se procede, de incorporación de profesorado para ó curso 2018-19

Recibiuse unha solicitude das investigadoras Ramón y Cajal, SGG e GMEG, do Depto. de Enxeñaría Química da USC, para poder formar parte dos titores académicos da materia P4012114 Traballo Fin de Máster.

miércoles 25/09/2019 14:41

De: GGS

Asunto: Solicitud impartición docencia

Buenas tardes,

Con este email expreso mi interés en participar en la docencia de la materia Trabajo Fin de Master, del Master de Ingeniería Ambiental.

Envío adjunto un resumen de mi CV.

Saludos

miércoles 25/09/2019 16:04

Asunto: tutorización TFM-master ingeniería ambiental

De: EGGM

Buenas tardes,

Yo, GE, investigadora postdoctoral del Dpto de Ingeniería Química, expreso mi interés en impartir la materia Trabajo fin de Master del Máster en Ingeniería Ambiental.

Abajo va un resumen de mi CV, y adjunto también mi CVA. Cualquier información adicional que sea necesaria, no dude en requerirla.

Atentamente,

Tal e como é norma nesta titulación, a Comisión Académica necesita para cada materia unha solicitude do profesor coa guía docente proposta e un CV resumido cos méritos máis relevantes para impartir esta materia por

parte da profesora que se cita, en base os criterios que se teñen en conta para garantir a idoneidade do profesorado do Máster:

- i. Calidade a adecuación da guía docente á materia en cuestión.
- ii. Experiencia investigadora e relación con empresas e administracións relevantes para a docencia da materia en cuestión (dirección de Tesis Doctorais, dirección de TTTs, publicación de artigos, comunicacións a congresos, participación en proxectos de investigación, contratos con empresas).
- iii. Experiencia docente previa en materias afíns.

Analizados os CVs das solicitantes, compróbase a idoneidade de ambas, con unha dilatada carreira científica no eido da Enxeñaría Ambiental. De forma máis específica no caso de SGG está máis centrada no eido da Xestión Ambiental, namentras que no caso de GMEG o seu perfil é máis forte nas aplicacións biotecnolóxicas á Enxeñaría Ambiental.

A Comisión Académica aproba por unanimidade a solicitude, dandolle á benvida as dúas solicitantes e agradecendolles o interese en participar nesta titulación.

5. Aprobación, se procede, das actas consolidadas de Prácticas Externas e Traballos Fin de Máster do curso 2018-19

A) Prácticas Externas curso 2018-19

A táboa que se mostra a continuación mostra as calificacións recibidas durante este ano na materia de Prácticas Externas. Destacar o elevado nivel de satisfacción tanto por parte das empresas participantes como por parte dos alumnos. A Acta Consolidada móstrase a continuación, sendo aprobada por unanimidade pola Comisión Académica.

Alumnos que acadaron a calificación máis alta: AFL (10), AMG (10). As cualificacións medias que acadaron foron: AFL (8,14), AMG (7,78), polo que a matrícula de honra correspóndelle a **AFL**.

B) Traballos Fin de Máster curso 2018-19

En canto á acta consolidada correspondente ós TFM durante o pasado curso académico 2017-18, a normativa indica como seleccionar a Matrícula de Honra:

5.6. A mención “Matrícula de Honra”, e tal e como indica a nova normativa sobre TFG e TFM (Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016), será outorgada pola Comisión Académica segundo o seguinte criterio: i) estudantes que obteñan unha cualificación no TFM igual ou superior a 9,0; ii) TFM con maior cualificación; iii) en caso de empate, se lle outorgará ó estudante que teña maior cualificación no expediente académico.

Durante o pasado curso académico as alumnas AFR e MCFM, acadaron as notas máis altas (9,6). As súas notas medias durante a titulación foron de 8,9139 (AFR) e 8,2465 para MCFM, polo que a Matrícula de Honra será logo para **AFR**.

A Comisión Académica aproba por unanimidade os peches das citadas actas.

6. Aprobación, se procede, das peticións de solicitude de TFM e cambios de título para o curso 2017-18

Non hai solicitudes.

7. Turno aberto

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, dase por rematada a reunión ás 10:15 h.

En Santiago de Compostela, a 30 de Setembro de 2019

A handwritten signature in black ink, consisting of a stylized 'F' and 'O' followed by a horizontal line.

Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental